

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3520 *Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

ÍNDICE

- Capítulo I. Natureza e funcións.
 - Artigo 1. Obxecto.
 - Artigo 2. Natureza e réxime xurídico.
 - Artigo 3. Finalidade.
 - Artigo 4. Reserva de denominación.
 - Artigo 5. Funcións.
- Capítulo II. Ámbito territorial e organización.
 - Artigo 6. Ámbito territorial.
 - Artigo 7. Adscrición ás cámaras.
 - Artigo 8. Censo público.
 - Artigo 9. Organización.
 - Artigo 10. Pleno.
 - Artigo 11. Comité executivo.
 - Artigo 12. Presidente.
 - Artigo 13. Secretario xeral.
 - Artigo 14. Director xerente.
 - Artigo 15. Persoal.
 - Artigo 16. Regulamento de réxime interior e código de boas prácticas.
- Capítulo III. Réxime electoral.
 - Artigo 17. Censo electoral.
 - Artigo 18. Proceso electoral.
- Capítulo IV. Réxime económico.
 - Artigo 19. Réxime económico.
- Capítulo V. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.
 - Artigo 20. Natureza e finalidade.
 - Artigo 21. Funcións.
 - Artigo 22. Plan cameral de internacionalización.
 - Artigo 23. Plan cameral de competitividade.
 - Artigo 24. Órganos de goberno.
 - Artigo 25. O Pleno.
 - Artigo 26. Comité Executivo.

- Artigo 27. Presidente.
- Artigo 28. Secretario xeral.
- Artigo 29. Director xerente.
- Artigo 30. Persoal.
- Artigo 31. Réxime económico da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.
- Artigo 32. Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.
- Artigo 33. Tutela da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.

Capítulo VI. Réxime xurídico e orzamentario.

- Artigo 34. Tutela.
- Artigo 35. Orzamentos e transparencia.
- Artigo 36. Recursos.
- Artigo 37. Suspensión e disolución.

- Disposición adicional primeira. Persoal.
- Disposición adicional segunda. Réxime de protocolo.
- Disposición adicional terceira. Réximes de concerto e convenio económico.
- Disposición transitoria primeira. Adaptación ao contido da norma.
- Disposición transitoria segunda. Órganos de goberno.
- Disposición transitoria terceira. Devindicación do recurso cameral non prescrito.
- Disposición derogatoria.
- Disposición derradeira primeira. Título competencial.
- Disposición derradeira segunda. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.
- Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

I

As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación son corporacións de dereito público que realizan funcións de carácter consultivo e de colaboración coas administracións públicas en todo aquilo que teña relación coa representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, a navegación e os servizos.

Como consecuencia da evolución económica e lexislativa experimentada nos últimos anos, faise necesario aprobar unha nova lei de cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, fundamentalmente, dada a imperiosa necesidade de racionalizar, no actual contexto económico e xurídico en que nos atopamos, as estruturas e o funcionamento das cámaras ata hoxe previstas na Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.

As cámaras de comercio, industria e navegación nacen en España a finais do século XIX como forma de representar os intereses xerais das empresas. A súa primeira regulación xurídica data do ano 1886, cando se aprobou o real decreto que contiña o seu réxime xurídico, e posteriormente instaurouse, mediante o Real decreto do 21 de xuño de 1911, un modelo cameral continental baseado na obrigada adscrición das persoas que exerzan actividades empresariais e na obrigatoriedade no pagamento de cotas. Este sistema é o que se mantivo ata os nosos días coa ata hoxe vixente Lei 3/1993, do 22 de marzo, froito da súa adecuación ao noso Estado autonómico e pertenza á Unión Europea.

Con todo, a situación económica devida obrigou a introducir reformas normativas co fin principal e prioritario de pór en marcha medidas eficientes de racionalización do gasto e fortalecemento e impulso da economía, en xeral, e, en particular, de crecemento da competitividade das nosas empresas mediante políticas de apoio á actividade comercial e empresarial. Así, as últimas reformas e, máis concretamente, as introducidas mediante o

Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, estableceron un sistema cameral de pertenza voluntaria e eliminación do recurso cameral permanente.

Esta lei introduce unha serie de reformas que pretenden impulsar as cámaras como entidades de prestación de servizos avogando por un modelo de cámaras dirixido a resultados. Todo isto co fin de reforzar a súa eficiencia no desenvolvemento das funcións que se lles atribúen.

Conscientes da súa importancia e necesidade como institucións básicas para o desenvolvemento económico e empresarial do noso país, mantense a súa natureza como corporacións de dereito público, garantindo o exercicio das funcións público-administrativas que, no actual contexto económico, teñen unha especial relevancia para a rexeneración do tecido económico e a creación de emprego, e conságrase a súa finalidade de representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, os servizos e a navegación, así como a prestación de servizos a todas as empresas.

As súas funcións, enumeradas no artigo 5 da lei, teñen plena relevancia constitucional por canto afectan o principio de eficacia da actuación administrativa, consagrado no artigo 103.1 da Constitución española (en diante, C.E.), a colaboración das organizacións profesionais (artigo 131.2 C.E.), a colaboración en formación que os poderes públicos deben fomentar a través de políticas que a garantan (artigo 40.2 C.E.), as actividades no terreo do comercio exterior no marco dunha economía de mercado (artigo 38 C.E.), así como a arbitraje e a mediación como contribución á fluidez da tutela dos xuíces e tribunais (artigo 24 C.E.). E todo iso sempre na liña da participación cidadá que, con carácter xeral, reclama o artigo 9.2 C.E., e máis especificamente o artigo 105.a) C.E.

As funcións públicas non se poden pór en risco, e por esta razón esta lei procede a establecer un sistema de adscrición ás cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, na forma sinalada no artigo 7, que establece o principio xeral de pertenza de todas as empresas ás cámaras sen que diso derive ningunha obriga económica.

A adscrición universal enténdese porque as cámaras representan os intereses xerais de toda a actividade económica e empresarial e non dun determinado sector, asociación ou colectivo de empresas en función da súa dimensión, localización ou adscrición á cámara.

Trátase dun aspecto fundamental para garantir a representación de todas as empresas nos órganos de goberno das cámaras en función da representatividade dos distintos sectores na economía, de acordo cun sistema de elección universal e democrática onde todas as empresas son electoras e elixibles.

En efecto, a propia xurisprudencia sinala que ás cámaras lles corresponde velar polos intereses xerais, non asociativos, da industria, do comercio e da navegación, e non limitarse a representar os intereses peculiares dos seus socios.

Esta nova lei ten como obxectivo unha redefinición das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e, ademais da súa función principal de prestación de servizos ás empresas, reforza o seu papel no ámbito de apoio ás pequenas e medianas empresas no ámbito da internacionalización e incremento da súa competitividade.

Ao ser as cámaras institucións fundamentais para a vida económica do noso país, débese garantir a súa sustentabilidade económica no actual contexto económico. Por iso, nesta lei establécese un sistema de ingresos baseado, fundamentalmente, nos servizos que prestan as cámaras e en achegas voluntarias de empresas ou entidades, de acordo co disposto nos artigos 19 e 31. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no marco xeral da reforma tributaria e, en particular, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, analizará os requisitos que deben cumprir as cámaras para que ás achegas que se realicen a estas lles resulte aplicable o novo réxime fiscal.

Un dos aspectos relevantes do novo marco normativo é o ámbito das competencias das comunidades autónomas, como administracións tutelantes, coa atribución de máis amplas facultades para poder definir a organización territorial e dos órganos de goberno das súas respectivas cámaras, de maneira que estas respondan á realidade económica

dos seus territorios e se promova unha maior representación directa das empresas en función da súa contribución ás cámaras.

Outra novidade que achega esta lei é a creación da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, que representará o conxunto das cámaras ante as diversas instancias estatais e internacionais e coordinará e impulsará as accións que afecten o conxunto das cámaras españolas. A Cámara de España, en colaboración coas cámaras españolas, terá ademais a tarefa de elaborar e executar o Plan cameral de internacionalización, a través dun convenio de colaboración co Ministerio de Economía e Competitividade, que será dunha relevancia fundamental no impulso á internacionalización das empresas españolas. Adicionalmente, a Cámara de España e o Ministerio de Economía e Competitividade subscribirán un plan de competitividade, cada dous anos, no cal se concretarán todos os programas e actividades que desenvolvan as cámaras para o fomento da competitividade empresarial. Esta lei recolle, así mesmo, a vinculación coa Cámara de España das cámaras de comercio españolas, oficialmente recoñecidas no estranxeiro, rexidas polo Real decreto 786/1979, do 16 de marzo, polo que se establecen as normas reguladoras do seu estatuto xeral. Estas cámaras, asociacións libremente constituídas no estranxeiro e sometidas á lexislación propia do país en que radican, poderán ser oficialmente recoñecidas polo Estado a través do Ministerio de Economía e Competitividade. Nesta lei, de acordo co disposto nos artigos 22 e 25, prevese que poidan asinar convenios de colaboración e representación da Cámara de España nas súas xurisdicións, participar na execución do Plan cameral de internacionalización nas ditas xurisdicións e estar representadas no Pleno da Cámara de España a través de dous vogais.

II

A lei consta dun total de 37 artigos que se estruturan en seis capítulos, tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O capítulo I regula a natureza e as funcións das cámaras. Permanece a súa natureza de corporacións de dereito público e as cámaras seguirán exercendo funcións público-administrativas que se manteñen con carácter xeral respecto da normativa anterior, aínda que se incorporan outras funcións novas como son a prestación de servizos en materia de comprobación do cumprimento dos requisitos legais e verificación de establecementos mercantís e industriais, así como funcións en materia de innovación e simplificación administrativa nos procedementos para o inicio e desenvolvemento de actividades económicas e empresariais e da implantación da economía dixital nas empresas. Así mesmo, as cámaras tamén poderán colaborar coas administracións públicas a través da subscripción dos correspondentes convenios de colaboración como viñan desenvolvendo ata agora, e establecerase a posibilidade de que tamén poidan subscribir convenios ou outros instrumentos de colaboración coas organizacións empresariais para a coordinación das súas actuacións. Igualmente, as administracións públicas continuarán no exercicio da tutela e control das actuacións camerais de contido económico máis importantes. Finalmente, establécese unha reserva de denominación tanto para as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación como para a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.

O capítulo II recolle o seu ámbito territorial de actuación e organización, e establécese nel a posibilidade de que poidan existir cámaras de ámbito autonómico, provincial e local, así como consellos de cámaras ou entidades similares. Todo isto segundo estableza a lexislación de desenvolvemento da normativa básica, que poderá adecuar a demarcación territorial das cámaras á realidade económica e empresarial de cada comunidade autónoma; debe existir, polo menos, unha cámara oficial de comercio, industria, servizos e navegación por provincia. Pola súa vez, establécese a organización dos órganos de goberno das cámaras, que serán o pleno, o comité executivo e o presidente. En canto ao pleno e, como novidade, modifícase a súa composición co fin de axustar o número de vogais a unha adecuada representatividade dos distintos sectores económicos a través

de, como mínimo, dous terzos no número de vogalías para os membros elixidos por sufraxio libre, igual, directo e secreto. Así mesmo inclúese, na composición dos plenos, unha representación directa das empresas con maiores achegas voluntarias ás cámaras e das organizacións empresariais máis representativas. As administracións tutelantes das cámaras quedan habilitadas para determinar, de acordo coa realidade económica do seu territorio, a participación dos distintos grupos nos plenos. Regúlanse de forma independente as figuras do secretario xeral e do director xerente e recóllese a exigencia de que non poderán formar parte dos órganos de goberno nin ocupar postos directivos aqueles que estean inhabilitados para emprego ou cargo público.

Finalmente, establécese que as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación confeccionarán un censo público de empresas para cuxa elaboración contarán coa colaboración da administración tributaria competente, e garantirán, en todo caso, a confidencialidade no tratamento e uso exclusivo da información para os fins legalmente previstos.

O capítulo III recolle o réxime electoral para a elección dos membros dos órganos de goberno, en concreto, do pleno, do comité executivo e do presidente. Neste sentido, a lei establece que corresponderá ao Ministerio de Economía e Competitividade determinar a apertura do proceso electoral, logo de acordo coas comunidades autónomas que teñan atribuída competencia nesta materia, e que será a respectiva administración tutelante quen convoque as eleccións cada catro anos.

O capítulo IV regula o réxime económico, no cal se recolle un sistema que se basea na liberdade de actuación das cámaras, de maneira que obterán os seus ingresos da prestación de servizos e do exercicio das súas actividades, así como das achegas voluntarias das empresas e dos produtos, rendas e incrementos do seu patrimonio e legados e donativos que poidan recibir así como calquera outro que poida ser atribuído por lei. Así mesmo, será preceptiva a autorización da administración tutelante para a disposición de bens inmoables e do resto de supostos que determine a lei.

O capítulo V recolle a normativa aplicable á Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España que, creada por esta lei, asume as competencias do extinto Consello Superior de Cámaras. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España será o órgano de representación e coordinación de todas as cámaras territoriais, e de execución do novo Plan cameral de internacionalización, así como do novo Plan cameral de competitividade, desenvolvidos ambos a través do correspondente convenio de colaboración co Ministerio de Economía e Competitividade. Os órganos de goberno e administración da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España serán o pleno, o comité executivo e o presidente, os cales reflectirán a realidade económica empresarial española e incluírán entre os seus membros representantes das empresas e das organizacións empresariais e de autónomos máis representativas a nivel nacional. Ademais, prevese a creación dunha asemblea xeral de cámaras, como órgano consultivo, para promover a participación de todas as cámaras no desenvolvemento das súas funcións. Do mesmo xeito que nas cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, regúlanse de forma independente as figuras do secretario xeral e do director xerente e recóllese a exigencia de que non poderá formar parte dos órganos de goberno nin ocupar postos directivos quen estea inhabilitado para emprego ou cargo público.

Finalmente, un capítulo VI establece o réxime xurídico e orzamentario das ditas corporacións. Aquí recóllense as cuestións comúns a todas as cámaras territoriais e á Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, no que ao seu réxime xurídico e orzamentario se refire, e entre elas destaca o principio de tutela a que están suxeitas no exercicio da súa actividade tanto a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España como as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación.

A disposición adicional primeira refírese a que o persoal que estea ao abeiro do Decreto do 13 de xuño de 1936 sobre dereitos e garantías dos empregados das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación pasará a rexerse pola lexislación laboral

vixente, coa finalidade de homoxeneizar o réxime xurídico dos traballadores das cámaras adaptándoo á actual lexislación laboral aplicable a todos os traballadores. A disposición adicional segunda refírese ao réxime de representación e protocolo do presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España. A disposición adicional terceira establece que se terán en conta, para efectos do disposto nesta lei, os réximes de concerto e convenio económico do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra, respectivamente.

En canto ás disposicións transitorias, a primeira concede un prazo para a adaptación da normativa autonómica ata, como máximo, o 31 de xaneiro de 2015 e de tres meses desde a adecuación autonómica para que se adapten os regulamentos de réxime interior das cámaras territoriais. Así mesmo, a dita disposición transitoria primeira establece que a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España se deberá constituír, a partir do Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, antes do 31 de xaneiro de 2015. Pola súa vez, a Cámara Oficial de España disporá de tres meses, desde a súa constitución, para a elaboración do seu regulamento de réxime interior de acordo coa nova regulación. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España subrogarase en todos os dereitos e obrigacións do Consello Superior de Cámaras de Comercio e será titular de todos os seus bens. A disposición transitoria segunda sinala que os membros dos plenos das cámaras e dos consellos de cámaras continuarán nas súas funcións ata que se constituán os seus novos órganos de goberno, de conformidade co disposto nesta lei. Así mesmo, a dita disposición transitoria prevé que, no momento da constitución inicial do Pleno da Cámara, se entenderá por contribución o importe da última cota cameral devindicada e aboada, garantindo que estean representados os diferentes sectores da actividade económica e as grandes empresas de ámbito nacional con maior facturación, para efectos do disposto no artigo 25.2.b) desta lei. Transcorrido un ano desde a constitución do Pleno, procederase á renovación destes representantes de acordo coas achegas voluntarias que realicen durante o dito período. A disposición transitoria terceira prevé o mantemento da obriga de pagamento das cotas cameraias non prescritas.

A disposición derogatoria identifica a normativa que queda derogada tras a aprobación desta lei.

Finalmente, as disposicións derradeiras primeira, segunda e terceira prevén os títulos competenciais que facultan o Estado para ditar esta norma, habilitan o Goberno para desenvolver esta lei e a súa entrada en vigor, que terá lugar o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

CAPÍTULO I

Natureza e funcións

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto establecer a regulación básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e, de ser o caso, navegación, así como o réxime específico da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.

Artigo 2. *Natureza e réxime xurídico.*

1. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación son corporacións de dereito público con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que se configuran como órganos consultivos e de colaboración coas administracións públicas, sen menoscabo dos intereses privados que perseguen. A súa estrutura e funcionamento deberán ser democráticos.

2. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación axustaranse ao disposto nesta lei e ás normas de desenvolvemento que dite a Administración xeral do Estado ou as comunidades autónomas con competencia na materia. Seralles de

aplicación, con carácter supletorio, a lexislación referente á estrutura e ao funcionamento das administracións públicas en canto sexa conforme coa súa natureza e finalidades. A contratación e o réxime patrimonial rexeranse conforme o dereito privado e habilitarase un procedemento que garanta as condicións de publicidade, transparencia e non discriminación.

Artigo 3. *Finalidade.*

As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación teñen como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, os servizos e a navegación, así como a prestación de servizos ás empresas que exerzan as indicadas actividades. Así mesmo, exercerán as competencias de carácter público que lles atribúe esta lei e as que lles poidan ser asignadas polas administracións públicas conforme os instrumentos que establece o ordenamento xurídico. As actividades que desenvolverán as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación para o logro dos seus fins levaranse a cabo sen prexuízo da liberdade sindical e de asociación empresarial, das facultades de representación dos intereses dos empresarios que asuman este tipo de asociacións e das actuacións doutras organizacións sociais que legalmente se constituán.

Artigo 4. *Reserva de denominación.*

Salvo as entidades reguladas nesta lei, ningunha persoa física ou xurídica ou entidade poderá utilizar os termos de Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación ou Cámara de Comercio, nin ningún outro que inclúa os anteriores como parte dunha denominación baixo a cal unha persoa ou entidade se constituíu ou exerza ou desenvolva funcións e operacións, ou que conteña termos similares de ser susceptibles de confusión nos termos indicados, sen prexuízo das creadas ou promovidas por vontade das propias cámaras ou consellos para o cumprimento dos seus fins e das cámaras oficiais de países estranxeiros en España.

Artigo 5. *Funcións.*

1. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación terán as seguintes funcións de carácter público-administrativo:

- a) Expedir certificados de orixe e demais certificacións relacionadas co tráfico mercantil, nacional e internacional, nos supostos previstos na normativa vixente.
- b) Recompilar os costumes e usos mercantís, así como as prácticas e os usos dos negocios e emitir certificacións acerca da súa existencia.
- c) Ser órgano de asesoramento das administracións públicas, nos termos que estas establezan, para o desenvolvemento do comercio, a industria, os servizos e a navegación.
- d) Desenvolver actividades de apoio e estímulo ao comercio exterior.
- e) Participar coas administracións competentes na organización da formación práctica nos centros de traballo incluída nas ensinanzas de formación profesional e nas accións e iniciativas formativas da formación profesional dual, en especial na selección e validación de centros de traballo e empresas, na designación e formación de titores dos alumnos e no control e avaliación do cumprimento da programación, sen prexuízo das funcións que se lles poidan atribuír ás organizacións empresariais neste ámbito.
- f) Tramitar, nos casos en que así sexan requiridas pola Administración xeral do Estado, os programas públicos de axudas ás empresas nos termos en que se establezan en cada caso, así como xestionar os servizos públicos relacionados con elas cando a súa xestión lle corresponda á Administración do Estado.
- g) Xestionar, nos termos do artigo 8 desta lei, un censo público de todas as empresas, así como dos seus establecementos, delegacións e axencias radicados na súa demarcación.

h) Actuar de portelos únicos empresariais, cando sexan requiridas para iso polas administracións públicas competentes.

i) Colaborar coas administracións públicas na simplificación administrativa dos procedementos para o inicio e desenvolvemento de actividades económicas e empresariais, así como na mellora da regulación económico-empresarial.

j) Impulsar actuacións dirixidas ao incremento da competitividade das pequenas e medianas empresas, e fomentar a innovación e transferencia tecnolóxicas ás empresas.

k) Impulsar e colaborar coas administracións públicas na implantación da economía dixital das empresas.

l) No caso de que a autoridade de xestión dos fondos de Unión Europea o considere procedente, as cámaras poderán participar na xestión de fondos da Unión Europea dirixidos á mellora da competitividade nas empresas.

2. Tamén lles corresponderá ás cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación desenvolver as funcións público-administrativas que se enumeran a continuación, na forma e coa extensión que determinen, de ser o caso, as comunidades autónomas.

a) Propor ás administracións públicas cantas reformas ou medidas consideren necesarias ou convenientes para o fomento do comercio, a industria, os servizos e a navegación.

b) Colaborar na elaboración, desenvolvemento, execución e seguimento dos plans que se deseñen para o incremento da competitividade do comercio, a industria, os servizos e a navegación.

c) Colaborar coas administracións públicas como órganos de apoio e asesoramento para a creación de empresas.

d) Colaborar coas administracións públicas mediante a realización de actuacións materiais para a comprobación do cumprimento dos requisitos legais e da verificación de establecementos mercantís e industriais, cumprindo co establecido na normativa xeral e sectorial vixente.

e) Elaborar as estatísticas, enquisas de avaliación e estudos que considere necesarios para o exercicio das súas competencias.

f) Promover e cooperar na organización de feiras e exposicións.

g) Colaborar nos programas de formación establecidos por centros docentes públicos ou privados e, de ser o caso, polas administracións públicas competentes.

h) Emitir informe sobre os proxectos de normas emanados das comunidades autónomas que afecten directamente os intereses xerais do comercio, a industria, os servizos ou a navegación, nos casos e co alcance que o ordenamento xurídico determine.

i) Tramitar os programas públicos de axudas ás empresas nos termos que se establezan en cada caso, así como xestionar servizos públicos relacionados con elas, cando a súa xestión corresponda á Administración autonómica.

j) Colaborar coa administración competente emitindo informes sobre os estudos, traballos e accións que se realicen para a promoción do comercio, a industria, os servizos e a navegación.

k) Contribuír á promoción do turismo no marco da cooperación e colaboración coas administracións públicas competentes.

l) Colaborar coas administracións competentes para facilitar información e orientación sobre o procedemento de avaliación e acreditación para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, así como na achega de instalacións e servizos para a realización dalgunhas fases do procedemento, cando as ditas administracións o establezan.

m) As cámaras de comercio tamén poderán desenvolver calquera outra función que as comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias, consideren necesarias.

3. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación poderán levar a cabo outras actividades, que terán carácter privado e se prestarán en réxime de libre

competencia, que contribúan á defensa, apoio ou fomento do comercio, da industria, dos servizos e da navegación, ou que sexan de utilidade para o desenvolvemento das indicadas finalidades e, en especial, establecer servizos de información e asesoramento empresarial. Así mesmo, poderán difundir e impartir formación en relación coa organización e xestión da empresa; prestar servizos de certificación e homologación das empresas e crear, xestionar e administrar bolsas de franquía, de subprodutos, de subcontratación e de residuos, así como lonxas de contratación, cumprindo os requisitos exixidos na normativa sectorial vixente para o exercicio destas actividades.

Tamén poderán desempeñar actividades de mediación, así como de arbitraje mercantil, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

4. Para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, e logo de autorización da administración tutelante, as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación poderán promover ou participar en toda clase de asociacións, fundacións e sociedades civís ou mercantís, así como celebrar os oportunos convenios de colaboración. A administración tutelante determinará os mecanismos de seguimento correspondentes.

5. A autorización a que fai referencia o punto anterior non implicará, en ningún caso, a asunción de ningunha responsabilidade, nin principal nin subsidiaria, por parte da administración tutelante en relación cos dereitos e obrigacións derivados das actuacións das cámaras de comercio no ámbito das súas actividades privadas.

6. Para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación así como a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España e as administracións públicas poderán celebrar convenios dos previstos polas alíneas c) e d) do artigo 4.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, cando se dean os supostos para isto, e celebrar contratos nos cales as administracións públicas se acomodarán ás prescricións do citado texto refundido e servirse dos restantes instrumentos permitidos polo ordenamento xurídico vixente. No desenvolvemento das funcións público-administrativas, garantirase unha adecuada coordinación coas administracións públicas mediante a sinatura dos oportunos instrumentos de colaboración, así como a través dos plans de actuacións que, de ser o caso, diten as administracións competentes por razón da materia. Así mesmo, as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España poderán subscribir convenios ou outros instrumentos de colaboración para garantir unha adecuada coordinación das súas actuacións coas levadas a cabo polas organizacións empresariais.

7. No desenvolvemento das funcións público-administrativas, as cámaras garantirán a súa imparcialidade e transparencia.

8. No desenvolvemento de todas as actividades, as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación así como a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España respectarán as condicións de accesibilidade das persoas con discapacidade nos termos que estableza a normativa de aplicación.

A información que se facilite baixo calquera formato e, en xeral, os servizos de atención ao destinatario e as súas instalacións deberán ser accesibles ás persoas con discapacidade, para o cal se terán en conta as necesidades dos distintos tipos de discapacidade e se porán á disposición os medios e os apoios e realizando os axustes razoables que sexan precisos.

CAPÍTULO II

Ámbito territorial e organización

Artigo 6. *Ámbito territorial.*

1. Poderán existir cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de ámbito autonómico, provincial e local e, de ser o caso, consellos de cámaras de

conformidade co que estableza a lexislación autonómica de desenvolvemento, que poderá adecuar a demarcación territorial das cámaras á realidade económica e empresarial de cada comunidade autónoma, polo que poderán coexistir cámaras de distinto ámbito territorial. En calquera caso, e como mínimo, existirá unha Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación por provincia, sen prexuízo de que determinadas funcións e servizos poidan ser desempeñados por outra cámara oficial de comercio, industria, servizos e navegación do ámbito territorial da comunidade autónoma de que se trate.

2. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e os consellos de cámaras poderán exercer as funcións que estableza a normativa autonómica de desenvolvemento, tendo en conta o contido desta lei.

3. A administración tutelante regulará os supostos e o procedemento para a creación, integración, fusión, disolución, liquidación e destino do patrimonio das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e dos consellos de cámaras, de conformidade co establecido no artigo 37.3 desta lei.

Artigo 7. *Adscrición ás cámaras.*

1. As persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que exerzan actividades comerciais, industriais, de servizos ou navieiras en territorio nacional formarán parte das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación dentro de cuxa circunscrición teñan establecementos, delegacións ou axencias, sen que disto se desprenda ningunha obriga económica nin ningún tipo de carga administrativa; procederase á súa adscrición de oficio.

2. Entenderase que unha persoa física ou xurídica exerce unha actividade comercial, industrial, de servizos ou de navegación cando por esta razón quede suxeita ao imposto de actividades económicas ou tributo que os substitúa no territorio correspondente do ámbito das cámaras de comercio, industria, servizos e navegación.

3. En xeral, consideraranse actividades incluídas no número 1 deste artigo todas as relacionadas co tráfico mercantil, salvo as excluídas expresamente por esta lei ou pola lexislación sectorial específica.

En todo caso, estarán excluídas as actividades agrícolas, gandeiras e pesqueiras de carácter primario e os servizos de mediadores de seguros e reaseguros privados que sexan prestados por persoas físicas, así como os correspondentes a profesións liberais.

Artigo 8. *Censo público.*

As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación elaborarán un censo público de empresas do cal formarán parte as persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que exerzan as actividades comerciais, industriais, de servizos e navieiras en territorio nacional, e para a súa elaboración contarán coa colaboración da administración tributaria competente así como doutras administracións que acheguen a información necesaria, que garantirán, en todo caso, a confidencialidade no tratamento e o uso exclusivo da dita información.

Para a elaboración do censo público de empresas, as administracións tributarias facilitaránlles á Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España e ás cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación os datos do imposto sobre actividades económicas e os censuais das empresas que sexan necesarios. Unicamente terán acceso á información facilitada pola Administración tributaria os empregados de cada cámara que determine o pleno.

Esta información empregárase para a elaboración do censo público de empresas, para o cumprimento das funcións público-administrativas que a presente lei lles atribúe ás cámaras así como para a elaboración do censo electoral a que se fai referencia no seu artigo 17.

O dito persoal terá, con referencia aos indicados datos, o mesmo deber de sixelo que os funcionarios da Administración tributaria. O incumprimento deste deber constituirá, en todo caso, infracción moi grave de conformidade co seu réxime disciplinario.

Artigo 9. *Organización.*

1. Os órganos de goberno das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación son o pleno, o comité executivo e o presidente.
2. Ademais, as cámaras contarán cun secretario xeral, persoal directivo e o persoal laboral necesario para o correcto desempeño das súas funcións.
3. Non poderá formar parte dos órganos de goberno, ser nomeado secretario xeral nin ocupar os postos directivos sinalados neste artigo quen estea inhabilitado para emprego ou cargo público.

Artigo 10. *Pleno.*

1. O pleno é o órgano supremo de goberno e representación da Cámara, que estará composto por un número non inferior a 10 nin superior a 60 vogais, cuxo mandato durará catro anos.
2. Os vogais que compoñen o pleno estarán determinados nos seguintes grupos:
 - a) Como mínimo, dous terzos dos vogais do pleno serán os representantes de todas as empresas pertencentes ás cámaras en atención á representatividade dos distintos sectores económicos, que se determinará conforme os criterios que estableza a administración tutelante tendo en consideración a súa achega ao PIB, o número de empresas e o emprego. Estes vogais serán elixidos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, entre todas as persoas físicas e xurídicas que exerzan unha actividade comercial, industrial, de servizos e de navegación na demarcación.
 - b) Representantes de empresas e persoas de recoñecido prestixio na vida económica dentro da circunscrición de cada cámara, na forma que determine a administración tutelante, por proposta das organizacións empresariais intersectoriais e territoriais máis representativas. Para este fin, as citadas organizacións empresariais presentarán a lista de candidatos propostos en número que corresponda ás vogalías que se van cubrir.
 - c) Representantes das empresas de maior achega voluntaria en cada demarcación, elixidos na forma que determine a administración tutelante.
3. Poderán asistir ás reunións do pleno, con voz pero sen voto, as persoas de recoñecido prestixio da vida económica do ámbito territorial de demarcación da cámara. Para tal fin, o presidente proporalle aos vogais das alíneas a), b) e c) unha lista de candidatos que supere nun terzo o número de vogalías que se van elixir.
4. Os membros do pleno enumerados nas alíneas a), b) e c) elixirán o presidente da cámara así como as persoas de recoñecido prestixio previstas no número 3.
5. O número das vogalías de cada un dos grupos determinados nos puntos anteriores será establecido polas administracións tutelantes, que garantirán en todo caso que, como mínimo, dous terzos destas correspondan aos representantes de todas as empresas pertencentes ás cámaras elixidos por sufraxio libre, igual, directo e secreto.
6. O secretario xeral e o director xerente, se o houber, asistirán, con voz pero sen voto, ás reunións do pleno.

Artigo 11. *Comité executivo.*

O comité executivo é o órgano permanente de xestión, administración e proposta da cámara e estará formado polo presidente, vicepresidentes, o tesoureiro e os membros do pleno que se determinen. A administración tutelante regulará o número de membros integrantes do comité e poderá designar un representante que deberá ser necesariamente convocado ás reunións do indicado órgano de goberno. Así mesmo, o secretario xeral e o

director xerente, se o houber, asistirán, con voz pero sen voto, ás reunións do comité executivo.

Artigo 12. *Presidente.*

O presidente, que será elixido polo pleno na forma que determine o Regulamento de réxime interior, exercerá a representación da Cámara e a presidencia de todos os seus órganos colexiados, e será responsable da execución dos seus acordos.

Artigo 13. *Secretario xeral.*

1. As cámaras terán un secretario xeral, que deberá ser licenciado ou titulado de grao superior. Este posto estará sometido ao réxime de contratación laboral.

2. O pleno disporá o nomeamento e o cesamento do secretario xeral mediante acordo motivado adoptado pola metade máis un dos seus membros. O nomeamento terá lugar logo de convocatoria pública da vacante.

3. Entre as funcións do secretario xeral constarán asistir ás reunións do pleno e do comité executivo con voz pero sen voto e velar pola legalidade dos acordos adoptados polos órganos de goberno.

Artigo 14. *Director xerente.*

1. As cámaras poderán nomear un director xerente, coas funcións executivas e directivas que se lle atribúan, que deberá ser licenciado ou titulado de grao superior. Este posto estará sometido ao réxime de contratación laboral.

2. Corresponderá ao pleno o nomeamento e cesamento do director xerente, por proposta do presidente e por acordo motivado pola metade máis un dos seus membros, co fin de garantir a idoneidade para o bo desempeño das súas funcións.

3. Cando non exista director xerente, as súas funcións serán asumidas polo secretario xeral.

Artigo 15. *Persoal.*

O persoal ao servizo das cámaras quedará suxeito á normativa laboral vixente.

Artigo 16. *Regulamento de réxime interior e código de boas prácticas.*

1. Cada cámara terá o seu propio regulamento de réxime interior, que será proposto polo pleno e aprobado pola administración tutelante, a cal poderá tamén promover a súa modificación.

2. No regulamento constarán, entre outras cuestións, a estrutura do pleno, as súas funcións, o número e a forma de elección dos membros do comité executivo e as normas de funcionamento dos seus órganos de goberno.

3. Así mesmo, as cámaras deberán elaborar un código de boas prácticas que garanta a imparcialidade e transparencia no desenvolvemento das súas funcións público-administrativas.

CAPÍTULO III

Réxime electoral

Artigo 17. *Censo electoral.*

1. O censo electoral das cámaras estará constituído pola totalidade das persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que exerzan as actividades comerciais, industriais, de servizos ou navieiras non excluídas de conformidade co artigo 7 desta lei. Este censo será elaborado e revisado anualmente polo comité executivo, con referencia ao 1 de xaneiro.

2. O censo electoral das cámaras, constituído de acordo co establecido no número 1 deste artigo, comprenderá a totalidade dos seus electores, clasificados por grupos e categorías, en atención á importancia económica dos diversos sectores representados, na forma que determine a respectiva administración tutelante, clasificación que revisará, cada catro anos, o comité executivo.

Os integrantes do censo electoral terán dereito de voto para a elección dos órganos de goberno das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación dentro de cuxa circunscrición teñan establecementos, delegacións ou axencias.

Para ser elector, xa sexa en nome propio ou en representación de persoas xurídicas, requirirase maioría de idade e non estar incurso en ningunha causa legal que impida a dita condición.

3. Os candidatos para formar parte dos órganos de goberno das cámaras deberán, ademais, ter a nacionalidade española ou a dun Estado membro de Unión Europea, a dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou a dun Estado a cuxos nacionais se estenda, en virtude do correspondente acordo ou tratado internacional, o réxime xurídico previsto para os cidadáns anteriormente citados, levar como mínimo dous anos de exercicio na actividade empresarial nos territorios citados e estar ao día no pagamento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

As persoas doutra nacionalidade poderán ser candidatas, de acordo co principio de reciprocidade, sempre que cumpran os demais requisitos exixidos no parágrafo anterior.

Artigo 18. *Proceso electoral.*

1. O Ministerio de Economía e Competitividade determinará a apertura do proceso electoral, logo de acordo coas comunidades autónomas que teñan atribuída competencia nesta materia, e corresponderá á respectiva administración tutelante a convocatoria de eleccións cada catro anos.

2. Para garantir a obxectividade e transparencia das eleccións, constituiranse xuntas electorais, coa composición e funcións que determinará a administración tutelante, de forma que se garanta a súa actuación independente e eficaz.

3. Contra os acordos das cámaras sobre reclamacións ao censo electoral e os das xuntas electorais poderase interpor recurso ante a administración tutelante.

CAPÍTULO IV

Réxime económico

Artigo 19. *Réxime económico.*

1. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación disporán dos seguintes ingresos:

- a) Os ingresos ordinarios e extraordinarios obtidos polos servizos que presten e, en xeral, polo exercicio das súas actividades.
- b) Os produtos, rendas e incrementos do seu patrimonio.
- c) As achegas voluntarias de empresas ou entidades comerciais.
- d) Os legados e donativos que poidan recibir.
- e) Os procedentes das operacións de crédito que se realicen.
- f) Calquera outro que lles poida ser atribuído por lei, en virtude de convenio ou por calquera outro procedemento, de conformidade co ordenamento xurídico.

2. A disposición de bens patrimoniais deberá contar coa autorización da administración tutelante cando se trate de bens inmoables. En caso doutro tipo de bens, a administración tutelante determinará os supostos en que sexa precisa a súa autorización en función do seu alcance económico.

CAPÍTULO V

A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de EspañaArtigo 20. *Natureza e finalidade.*

1. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que se configura como órgano consultivo e de colaboración coa Administración xeral do Estado sen menoscabo dos intereses privados que poida perseguir. A súa estrutura e o seu funcionamento deberán responder e rexerse por principios democráticos.

2. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España ten como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, da industria, dos servizos e da navegación, así como a prestación de servizos ás empresas que exerzan as indicadas actividades. Así mesmo, exercerá as súas competencias no ámbito estatal que lle atribúe esta lei e as que lle poidan ser asignadas pola Administración xeral do Estado conforme os instrumentos que establece o ordenamento xurídico. As actividades que desenvolverá a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España para o logro dos seus fins levaranse a cabo sen prexuízo da liberdade sindical e de asociación empresarial, das facultades de representación dos intereses dos empresarios que asuman este tipo de asociacións e das actuacións doutras organizacións sociais que legalmente se constituán.

3. Estará integrada por representantes das cámaras de comercio das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, das grandes empresas de maior contribución, das organizacións empresariais e de autónomos, dos ministerios por razón da competencia e das federacións das cámaras oficiais españolas no estranxeiro, e será o seu organismo de representación, relación e coordinación.

Artigo 21. *Funcións.*

1. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Promover os intereses xerais do comercio, da industria, dos servizos e da navegación, no ámbito estatal.
- b) Representar o conxunto das cámaras ante as diversas instancias estatais e internacionais.
- c) Coordinar e impulsar as accións que afecten o conxunto das cámaras españolas.
- d) Exercer no ámbito estatal, e en coordinación coas cámaras de comercio, industria, servizos e navegación, as funcións a que se refire o número 1 do artigo 5 desta lei.
- e) Emitir informe, co carácter e alcance previstos na lexislación vixente, sobre os anteproxectos de leis ou disposicións estatais de calquera rango que afecten directamente o comercio, a industria, os servizos e a navegación.
- f) Asesorar a Administración xeral do Estado, nos termos que esta estableza, en temas referentes ao comercio, á industria, aos servizos e á navegación.
- g) Desempeñar as funcións público-administrativas que se lle atribúan, cando afecten o conxunto do Estado.
- h) Xestionar, nos termos previstos nos acordos co Ministerio de Economía e Competitividade, as actuacións previstas no Plan cameral de internacionalización e no Plan cameral de competitividade.
- i) Desempeñar funcións de mediación e arbitraje mercantil, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2. Para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, e coa autorización previa da administración tutelante, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e

Navegación de España poderá promover ou participar en toda clase de asociacións, fundacións e sociedades civís ou mercantís, así como celebrar os oportunos convenios de colaboración.

Artigo 22. Plan cameral de internacionalización.

1. O Plan cameral de internacionalización comprende a descrición das actuacións de interese xeral nas áreas de formación e información, dirixidas prioritariamente a promover a adquisición no exterior de bens e servizos producidos en España e calquera outra relativa á operativa de comercio internacional.

2. O Ministerio de Economía e Competitividade, logo de consulta coas comunidades autónomas, aprobará anualmente o Plan cameral de internacionalización que lle eleve a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, a cal o executará a través do correspondente convenio co Ministerio de Economía e Competitividade e en colaboración coas cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación.

3. Poderanse establecer mecanismos de cooperación entre as actuacións do Plan cameral de internacionalización e as que estableza cada comunidade autónoma en función das súas competencias, especialmente no referente ás actuacións de interese específico.

4. As cámaras oficiais de comercio de España no estranxeiro participarán no Plan cameral de internacionalización, coa aprobación da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, para cada país ou xurisdición. As cámaras no estranxeiro terán un vínculo permanente coa Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España e poderán asinar convenios de colaboración e representación con ela. As cámaras no estranxeiro representarán a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, nas súas xurisdicións, cando así se estableza nos referidos convenios de colaboración e representación.

5. O Plan cameral de internacionalización poderase financiar cos recursos dotados polas correspondentes administracións públicas mediante a sinatura dos oportunos convenios de colaboración, de acordo co previsto no artigo 5.6 desta lei e na normativa vixente.

Artigo 23. Plan cameral de competitividade.

1. O Ministerio de Economía e Competitividade e a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España subscribirán cada dous anos, logo de consulta coas comunidades autónomas, un plan no cal se concretarán os programas para a mellora da competitividade das empresas españolas, que se desenvolverá conxuntamente coas cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación.

2. O Plan cameral de competitividade da empresa española comprenderá un conxunto de actividades e funcións públicas que desenvolverán as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación en apoio das empresas españolas, con especial consideración ás pequenas e medianas, ao abeiro do acordo suscrito co Ministerio de Economía e Competitividade.

3. A súa finalidade é ordenar e executar, de acordo coas prioridades da política económica, as actuacións que incidan de maneira efectiva na mellora da competitividade das empresas.

4. Este plan incluirá os programas e actividades que impulsará a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España e será elaborado con pleno respecto ás competencias de cada comunidade autónoma.

5. O Plan cameral de competitividade poderase financiar cos recursos dotados polas correspondentes administracións públicas mediante a sinatura dos oportunos convenios de colaboración, de acordo co previsto no artigo 5.6 desta lei e na normativa vixente.

Artigo 24. *Órganos de goberno.*

1. Os órganos de goberno e administración da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España son: o Pleno, o Comité Executivo e o presidente.

2. Non poderá formar parte dos órganos de goberno e administración nin ser nomeado nin ocupar os postos de secretario xeral nin director xerente quen estea inhabilitado para emprego ou cargo público.

3. Os órganos de goberno e administración reflectirán a realidade económica empresarial española e incluírán entre os seus membros, da maneira que se regula neste capítulo e se desenvolva no seu regulamento de réxime interior, representantes das empresas e das organizacións empresariais e de autónomos máis representativas a nivel nacional.

4. O mandato dos órganos de goberno da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España será de catro anos.

Artigo 25. *O Pleno.*

1. O Pleno é o órgano supremo de goberno e representación xeral da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.

2. O Pleno estará composto por:

a) Un presidente das cámaras por cada unha das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e de Melilla, designados polas administracións tutelantes, e ata oito representantes máis das cámaras pertencentes ás comunidades autónomas con maior número de empresas designados polas administracións tutelantes, conforme os criterios que estableza o Ministerio de Economía e Competitividade.

b) Vinte e oito vogais por proposta do Ministerio de Economía e Competitividade, entre as grandes empresas de maior contribución á Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España no territorio nacional. A proposta do Ministerio de Economía e Competitividade realizarase de forma que se asegure o adecuado reflexo da representación económica española tendo en conta a contribución das grandes empresas ponderada pola participación dos distintos sectores e subsectores económicos no valor engadido bruto.

c) Nove vogais elixidos por proposta das organizacións empresariais intersectoriais e territoriais máis representativas no ámbito nacional, entre representantes de empresas e persoas de recoñecido prestixio na vida económica. Para este fin, as citadas organizacións empresariais presentarán a lista de candidatos propostos en número que corresponda ás vogalías que se van cubrir.

d) Dez vogais en representación dos ministerios de Economía e Competitividade, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Ministerio de Xustiza, o Ministerio de Fomento e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, por proposta deles.

e) Dous vogais en representación das federacións das cámaras españolas oficiais de comercio no estranxeiro, designados polo Ministerio de Economía e Competitividade.

f) Dous vogais en representación das organizacións de autónomos representativas no ámbito nacional, por proposta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

g) O secretario xeral e o director xerente, se o houber, asistirán, con voz pero sen voto, ás reunións do Pleno.

3. O Pleno elixirá entre os seus membros, por maioría dos presentes, un presidente, tres vicepresidentes e un tesoureiro, que o serán tamén do Comité Executivo, así como os demais membros deste comité executivo.

4. Serán funcións do Pleno:
 - a) A aprobación dos orzamentos e liquidacións.
 - b) A aprobación de informes e propostas.
 - c) A designación dos representantes da Cámara de España nos distintos organismos.
 - d) O nomeamento de comisións de traballo.
 - e) No marco das actuacións descritas nos artigos 22 e 23 desta lei, a adopción de acordos vinculantes para todas as cámaras, sempre que sexan aprobados, con este carácter, por unha maioría de dous terzos dos votos presentes.
 - f) Aqueloutras que se prevexan no seu regulamento de réxime interior.

Artigo 26. *Comité Executivo.*

1. O Comité Executivo é o órgano de xestión, administración e proposta da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.

2. Estará composto polos membros do Pleno elixidos por este na forma que se determina polo artigo 25 da presente lei e se desenvolva no Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España. O Comité Executivo estará integrado polo presidente, tres vicepresidentes, o tesoureiro, oito representantes das cámaras de comercio das comunidades autónomas e cidades autónomas de Ceuta e Melilla, dos cales necesariamente catro representantes deberán ser das cámaras de comercio das comunidades autónomas con máis empresas nos seus censos e os restantes elixiranse mediante un sistema rotatorio de representación; catorce representantes das empresas de maior contribución no territorio nacional; dous representantes das organizacións empresariais representadas no Pleno, un representante das organizacións de autónomos representadas no Pleno, un representante do Ministerio de Economía e Competitividade e un representante do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Así mesmo, o secretario xeral e o director xerente, se o houber, asistirán, con voz pero sen voto, ás reunións do Comité Executivo.

3. As competencias do Comité Executivo determinaranse no seu regulamento de réxime interior.

Artigo 27. *Presidente.*

O presidente exercerá a representación da Cámara, a presidencia de todos os seus órganos colexiados e será responsable da execución dos seus acordos.

Artigo 28. *Secretario xeral.*

1. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España terá un secretario xeral, que deberá ser licenciado ou titulado de grao superior. O secretario xeral estará sometido ao réxime de contratación laboral.

2. O seu nomeamento e cesamento corresponderá ao Pleno da Cámara, por acordo motivado adoptado pola metade máis un dos seus membros. O nomeamento terá lugar logo de convocatoria pública.

3. Entre as funcións do secretario xeral constarán asistir ás reunións do Pleno e do Comité Executivo, con voz pero sen voto, e velar pola legalidade dos acordos adoptados polos órganos de goberno.

Artigo 29. *Director xerente.*

1. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España poderá nomear un director xerente coas funcións executivas e directivas que se lle atribúan, que deberá ser licenciado ou titulado de grao superior. Este posto estará sometido ao réxime de contratación laboral.

2. Corresponderá ao Pleno o nomeamento e cesamento do director xerente, por proposta do presidente e por acordo motivado adoptado pola metade máis un dos seus membros.

3. Cando non exista director xerente, as súas funcións serán asumidas polo secretario xeral.

Artigo 30. *Persoal.*

A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España poderá contar co persoal necesario para o seu bo funcionamento, ao cal lle será de aplicación a lexislación laboral.

Artigo 31. *Réxime económico da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.*

1. Para o financiamento de todas as súas actividades, a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España disporá dos seguintes ingresos:

a) Ingresos ordinarios e extraordinarios pola prestación dos servizos previstos no artigo 21 desta lei.

b) Os produtos, rendas e incrementos do seu patrimonio.

c) As achegas voluntarias de empresas ou entidades. Estas achegas voluntarias destinaranse preferentemente ao financiamento do Plan cameral de internacionalización. O 30 por cento das achegas distribuirase á cámara oficial de comercio, industria, servizos e navegación onde teñan o domicilio social as ditas empresas ou entidades.

d) Os legados e donativos que poida recibir.

e) Os procedentes das operacións de crédito que se realicen.

f) Calquera outro que lle poida ser atribuído por lei, en virtude de convenio ou por calquera outro procedemento de conformidade co ordenamento xurídico.

2. A disposición de bens patrimoniais deberá contar coa autorización do Ministerio de Economía e Competitividade cando se trate de bens inmobles e, no caso doutro tipo de bens, o dito ministerio determinará os supostos en que sexa precisa autorización en función do seu alcance económico.

Artigo 32. *Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.*

1. No Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España constarán, entre outras cuestións, as funcións e normas de funcionamento dos seus órganos de goberno.

2. O Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España preverá a creación dunha asemblea xeral de cámaras para desenvolver actuacións e iniciativas que promovan a participación, con voz pero sen voto, de todas as cámaras no desenvolvemento das súas funcións.

3. O Regulamento de réxime interior será sometido á aprobación polo ministro de Economía e Competitividade por proposta do Pleno por maioría absoluta, que poderá tamén promover a súa modificación.

Artigo 33. *Tutela da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.*

A función de tutela sobre esta corporación corresponderalle á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Economía e Competitividade.

CAPÍTULO VI

Réxime xurídico e orzamentarioArtigo 34. *Tutela.*

1. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación están suxeitas, no exercicio da súa actividade, á tutela da Administración xeral do Estado ou das respectivas comunidades autónomas, no caso de que estas asumisen estatutariamente as competencias correspondentes.

A función de tutela comprende o exercicio das potestades administrativas de aprobación, fiscalización, resolución de recursos, suspensión e disolución a que se refiren os artigos 35, 36 e 37 desta lei.

2. En todo caso, a Administración xeral do Estado exercerá a tutela sobre as actividades das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de interese xeral relativas ao comercio exterior, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada comunidade autónoma en tarefas promocionais do comercio exterior.

Nos termos sinalados no parágrafo anterior, esta función de tutela da Administración xeral do Estado comprenderá o exercicio das potestades administrativas de aprobación, control, coordinación, resolución de recursos e suspensión de actividades de interese xeral das cámaras relativas ao comercio exterior.

Artigo 35. *Orzamentos e transparencia.*

1. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España elaborarán e someterán os seus orzamentos ordinarios e extraordinarios de gastos e ingresos á aprobación da administración tutelante, que fiscalizará as súas contas anuais e liquidacións e poderá establecer as instrucións necesarias para a elaboración dos orzamentos e das liquidacións tipo.

En todo caso, as contas anuais e liquidacións dos orzamentos deberanse presentar acompañadas dun informe de auditoría de contas.

Corresponderalle ao Tribunal de Contas a fiscalización do destino dos fondos públicos que perciban a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España e as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, sen prexuízo da competencia dos organismos fiscalizadores que, de ser o caso, existan nas comunidades autónomas.

As contas anuais, xunto co informe de auditoría, e o informe anual sobre o goberno corporativo depositaranse no rexistro mercantil correspondente á localidade en que a cámara teña a súa sede e serán obxecto de publicidade polas cámaras.

2. As persoas que xestionen bens e dereitos das cámaras quedarán suxeitas a indemnizar os danos e perdas que lles poidan causar por accións ou omisións realizadas por dolo, culpa ou negligencia grave con infracción da normativa vixente, con independencia da responsabilidade penal ou doutra índole que lles poida corresponder.

3. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España farán públicas as subvencións que reciban, así como outro tipo de recursos públicos que poidan percibir para o desenvolvemento das súas funcións. Igualmente farán públicas as retribucións percibidas anualmente polos altos cargos e máximos responsables respectivos, así como as indemnizacións percibidas, de ser o caso, con ocasión do cesamento no seu cargo por calquera causa.

4. Para a adecuada diferenciación entre as actividades públicas e privadas que poden desenvolver nos termos do artigo 5 desta lei, as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España manterán unha contabilidade diferenciada en relación coas súas actividades públicas e privadas, sen prexuízo da unicidade das contas anuais.

Artigo 36. *Recursos.*

1. Contra as resolucións das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España ditadas en exercicio das súas funcións público-administrativas, así como as que afecten o seu réxime electoral, poderase recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa, logo de recurso administrativo formulado perante a administración tutelante.

2. As actuacións das cámaras noutros ámbitos e, especialmente, as de carácter mercantil, civil e laboral dilucidaranse perante os xulgados e tribunais competentes.

Artigo 37. *Suspensión e disolución.*

1. A administración tutelante poderá suspender a actividade dos órganos de goberno das cámaras, pero deberá quedar garantido o seu dereito de audiencia na tramitación do procedemento, no caso de que se produzan transgresións do ordenamento xurídico vixente que, pola súa gravidade ou reiteración, fagan aconsellable esta medida, así como nos supostos de imposibilidade de funcionamento normal daqueles.

2. O acordo de suspensión determinará o seu prazo de duración, que non poderá exceder os tres meses, así como o órgano que terá ao seu cargo a xestión dos intereses da Cámara.

3. Se, transcorrido o prazo de suspensión, subsisten as razóns que deron lugar a esta procederse, dentro do prazo dun mes, á disolución dos órganos de goberno das cámaras así como á convocatoria de novas eleccións.

En caso de non ser posible a celebración de novas eleccións e a constitución dos órganos de goberno da cámara, a administración de tutela poderá acordar a súa extinción e o seu patrimonio adscribirase, logo de liquidación polo órgano de xestión a que se refire o número 2, á administración tutelante.

4. No caso de extinción, a administración de tutela adoptará as medidas necesarias para garantir que as persoas físicas e xurídicas adscritas definidas no artigo 7.1 desta lei reciban os servizos propios das cámaras.

A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España representará e prestará servizo ás persoas físicas ou xurídicas previstas no artigo 7.1 que estean nun territorio que non conte coa súa correspondente cámara oficial de comercio, industria, servizos e navegación como consecuencia da súa extinción, sempre que a súa tutela corresponda á Administración xeral do Estado. Para isto, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España poderá ter delegacións nos territorios correspondentes, ás cales, ademais, lles corresponderá exercer os dereitos e a representación que correspondían ás cámaras extinguidas, de conformidade cos artigos 25 e 26 desta lei.

Disposición adicional primeira. *Persoal.*

O persoal que no momento da entrada en vigor desta lei estea ao servizo dunha cámara, consello ou do Consello Superior ao abeiro do Decreto do 13 de xuño de 1936, rexerese, sen distinción, pola lexislación laboral vixente aplicable ao resto do persoal ao servizo deles.

Disposición adicional segunda. *Réxime de protocolo.*

O réxime de representación e protocolo do presidente da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España establecerase regulamentariamente.

Disposición adicional terceira. *Réximes de concerto e convenio económico.*

O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo dos réximes de concerto económico e convenio en vigor nos territorios históricos do País Vasco e na Comunidade Foral de Navarra, respectivamente. Así mesmo, no relativo á implementación dos plans de internacionalización e competitividade teranse en conta os ditos réximes.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación ao contido da norma.*

1. As comunidades autónomas deberán adaptar o contido da súa normativa nesta materia ao disposto nesta lei e terán, como prazo máximo para facelo, o 31 de xaneiro de 2015.

2. As cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación adaptarán ao contido desta lei os seus actuais regulamentos de réxime interior no prazo de tres meses desde a entrada en vigor das leis autonómicas de adaptación, que deberán ser aprobados pola administración tutelante.

3. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, a partir do actual Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, deberase constituír antes do 31 de xaneiro de 2015. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España subrogarase en todos os dereitos e obrigacións, de calquera natureza, do Consello Superior de Cámaras de Comercio e será titular de todos os bens que na data de entrada en vigor desta lei teña adscritos ou pertencan ao Consello Superior de Cámaras de Comercio. A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España elaborará o seu regulamento de réxime interior, de acordo coa nova regulación, no prazo de tres meses desde a súa constitución. Este regulamento será aprobado polo Ministerio de Economía e Competitividade como administración tutelante.

Disposición transitoria segunda. *Órganos de goberno.*

1. Os presidentes, os membros dos comités executivos e dos plenos das cámaras e dos consellos de cámaras continuarán exercendo as súas funcións ata que se constituán os novos órganos de goberno tras a finalización do correspondente proceso electoral, de acordo co previsto nesta lei e na normativa das diferentes comunidades autónomas.

2. Así mesmo, ata que se constituán os novos órganos de goberno tras o correspondente proceso electoral celebrado de acordo con esta lei, os órganos de goberno seguirán funcionando validamente cos quórum de asistencia e coas maiorías de votación necesarias establecidas legalmente nese momento, para a constitución do órgano de que se trate e para a adopción de acordos en cada caso.

3. No caso do Pleno e do Comité Executivo da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, no momento da súa constitución inicial entenderase por contribución o importe da última cota cameral devindicada e aboada, e garantirase, en todo caso, que estean representados os diferentes sectores da actividade económica, de acordo coa súa achega ao valor engadido bruto, e as grandes empresas de ámbito nacional con maior facturación, para efectos do disposto no artigo 25.2.b) desta lei. Transcorrido un ano desde a constitución do Pleno, procederase, na forma que determine o Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, á renovación destes representantes de acordo coas achegas económicas que efectúen durante o dito período. O mandato dos novos representantes determinarase de conformidade co que estableza o Regulamento de réxime interior.

4. Habilítase o Ministerio de Economía e Competitividade para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a constitución da Cámara de España e dos seus órganos de goberno.

Disposición transitoria terceira. *Devindicación do recurso cameral non prescrito.*

Sen prexuízo da supresión do recurso cameral permanente, isto non alterará a exhibibilidade das cotas do recurso cameral permanente non prescritas, devindicadas conforme a norma que se derroga.

Disposición derogatoria.

1. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, a Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, e as súas sucesivas modificacións.

2. O Regulamento xeral de cámaras, aprobado polo Decreto 1291/1974, do 2 de maio, manterase en vigor, salvo no que se refire ao recurso cameral permanente, en canto non se opoña a esta lei e ata que se diten as normas regulamentarias substitutorias.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. O capítulo V desta lei dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado polo artigo 149.1.13.^a da Constitución española en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

2. Os números 1 e 2 do artigo 36 dítanse ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado polo artigo 149.1.6.^a da Constitución en materia de lexislación procesual.

3. O resto de artigos desta lei constitúen lexislación básica do réxime xurídico das administracións públicas ditada ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, polo que serán de aplicación xeral por todas as administracións públicas, coa excepción do establecido no artigo 5.2, relativo ás funcións que poderán desenvolver as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de acordo coa lexislación autonómica, que non terá carácter básico.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para ditar, no ámbito das súas competencias, as normas de desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de abril de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY